

servizos de ATM en condicións de seguranza, incluídas aquelas en que, por fortuna, non se puxese en perigo o funcionamento da aeronave en condicións de seguranza). Trátase dos seguintes sucesos:

- a) Incapacidade de prestar servizos de ATM:
 - 1.º Incapacidade de prestar servizos de tránsito aéreo.
 - 2.º Incapacidade de prestar servizos de xestión do tránsito aeroespacial.
 - 3.º Incapacidade de prestar servizos de xestión da afluencia de tránsito aéreo.
- b) Avaría da función de comunicación.
- c) Avaría da función de vixilancia.
- d) Avaría da función de procesamento e difusión de datos.
- e) Avaría da función de navegación.
- f) Seguranza do sistema de ATM.

APÉNDICE

Nos seguintes números conségnanse exemplos de sucesos de ATM que deben ser notificados como consecuencia da aplicación ao funcionamento da aeronave dos criterios xerais mencionados no anexo II.3:

1. Subministración de información significativamente incorrecta, insuficiente ou enganosa por parte de fontes en terra, por exemplo ATC, servizo automático de información terminal (ATIS), servizos meteorolóxicos, bases de datos de navegación, mapas, cartas de navegación, manuais, etc.
2. Altura mínima sobre o terreo inferior á prescrita.
3. Subministración de datos incorrectos de referencia á presión (regulación do altímetro).
4. Transmisión, recepción ou interpretación incorrectas de mensaxes significativas cando isto provoque unha situación perigosa.
5. Infracción das mínimas de separación.
6. Violación do espazo aéreo.
7. Transmisión ilegal de comunicación por radio.
8. Avaría das instalacións do servizo de tránsito aéreo (ATS) de terra ou satélite.
9. Avaría importante de ATC ou de ATM, ou deterioración significativa da infraestrutura do aeródromo.
10. Obstrución de áreas de manobra do aeródromo por aeronaves, vehículos, animais ou obxectos estraños que provoquen ou poidan provocar unha situación perigosa.
11. Erros ou insuficiencias no marcaxe dos obstáculos ou perigos nas áreas de manobra do aeródromo que provoquen unha situación perigosa.
12. Avaría, mal funcionamento significativo ou non dispoñibilidade da iluminación do aeródromo.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

19152 *ORDE APA/3602/2005, do 17 de novembro, pola que se modifica o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro. («BOE» 279, do 22-11-2005.)*

A Decisión 98/320/CE da Comisión, do 27 de abril de 1998, relativa á organización dun experimento temporal sobre a mostraxe de sementes e as probas sobre sementes de conformidade coas directivas 66/400/CEE, 66/401/CEE, 66/402/CEE e 69/208/CEE do Consello, puxo en mar-

cha na Unión Europea un experimento temporal que tiña como obxectivo avaliar se a mostraxe e a análise das sementes levadas a cabo baixo supervisión oficial podían constituír unha mellor alternativa ás realizadas de forma oficial. Do resultado do experimento despréndese que, en determinadas circunstancias, estes procedementos relativos á certificación de sementes se poderían simplificar sen ocasionar unha deterioración significativa na calidade das sementes.

A Directiva 2004/117/CE do Consello pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/54/CE, 2002/55/CE e 2002/57/CE no relativo aos exames realizados baixo supervisión oficial e á equivalencia das sementes producidas en países terceiros, establece normas específicas para a realización de inspeccións de campo, mostraxe e exames de sementes baixo supervisión oficial. Así mesmo, estende o campo de aplicación do réxime de equivalencia das sementes recolectadas en países terceiros respecto ás sementes de todas as categorías da Unión Europea.

As directivas citadas no parágrafo precedente foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno mediante o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado por orde do 23 de maio de 1986 e modificacións posteriores, e os regulamentos técnicos de control e certificación de sementes de cereais; de plantas forraxeiras; de plantas hortícolas; de millo; de sorgo; de plantas oleaxinosas; de plantas téxtiles, e de remolacha, aprobados por orde do 1 de xullo de 1986 e modificacións posteriores.

Polo que respecta a normas relativas ás inspeccións de campo baixo supervisión oficial, considerouse conveniente, con base na experiencia adquirida, reducir a porcentaxe da superficie que debe ser controlada e inspeccionada por parte de inspectores oficiais.

Canto á mostraxe de sementes e os ensaios de laboratorio realizados baixo supervisión oficial comprobouse que poden constituír unha boa alternativa aos controis oficiais sen ocasionar unha deterioración significativa á calidade das sementes.

Pola presente orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a citada Directiva 2004/117/CE mediante as adecuadas modificacións do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.*

Modifícase o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro nos termos seguintes:

1. O número 13 substitúese polo seguinte texto:

«13. Os servizos oficiais de control, por medio do seu persoal, realizarán as inspeccións dos cultivos cando menos nas épocas fixadas polos regulamentos técnicos correspondentes, procurando que estea presente nos campos inspeccionados un representante do produtor. Os citados servizos comunicarán, se é o caso, aos produtores, indicando os motivos, a anulación das parcelas inspeccionadas cando así proceda. En caso de os servizos indicaren a necesidade de realizar operacións de depuración na parcela, o produtor poderá optar pola anulación ou ficará obrigado á realización das operacións indicadas.

A produción obtida en parcelas contratadas que non reciban a aprobación definitiva poderá ser controlada para comprobar o destino posterior dela.

Para as especies incluídas nos regulamentos técnicos, con excepción da pataca da semente e das plantas de viveiro, estas inspeccións oficiais poderán ser substituídas, de conformidade coa normativa nacional aplicable, nos cultivos destinados á produción de semente de categoría certificada, por inspeccións realizadas baixo supervisión oficial, se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Os inspectores:

Deberán contar coa cualificación técnica necesaria.

Non poderán obter beneficios particulares derivados da realización das inspeccións.

Deberán contar con autorización oficial do organismo oficial responsable, que se outorgará ben unha vez que os inspectores prestasen xuramento, ben despois da sinatura dunha declaración por escrito en que se comprometan a cumprir as normas que regulen os exames oficiais.

Levarán a cabo as inspeccións baixo supervisión oficial de acordo coas normas aplicables ás inspeccións oficiais.

b) O cultivo que se vaia inspeccionar deberá terse obtido de sementes sometidas a un control oficial a posteriori con resultados satisfactorios.

c) Os inspectores oficiais procederán ao control dunha parte dos cultivos inspeccionados baixo supervisión oficial. A parte controlada será como mínimo o 5% deles.

d) Unha parte das mostras, tomadas oficialmente, procedentes das partidas de sementes colleitadas a partir destes cultivos someterase a un control oficial a posteriori e, se é o caso, a probas de laboratorio oficiais para determinar a súa identidade e pureza varietais. O organismo oficial responsable determinará o número de mostras que se someterá a ese control.

Nos regulamentos técnicos poderase establecer o procedemento que se seguirá para acceder a este tipo de inspeccións.»

2. Substitúese o punto 23 polo seguinte texto:

«23. Para comprobar a calidade das sementes e das plantas de viveiro, verificando que se cumpren os requisitos reflectidos nos correspondentes regulamentos técnicos específicos, tomaranse mostras oficiais dos lotes precintados.

No caso das sementes tomarase de cada lote unha mostra representativa, seguindo a normativa legal establecida ao respecto, para que en todo momento se poida garantir a identidade da mostra e se ofrezan as suficientes garantías ás partes interesadas no procedemento.

As mostras dividiranse en tantos exemplares homoxéneos como sexan necesarios para realizar as análises e ensaios preceptivos. O tamaño ou peso de cada un dos exemplares da mostra de sementes será o sinalado no correspondente regulamento técnico segundo as especificacións que se vaian analizar.

A toma de mostras realizarase de acordo coas regras internacionais elaboradas pola Asociación Internacional de Ensaos de Sementes (ISTA).

No caso de tubérculos e plantas de viveiro tomaranse mostras dos lotes precintados para efectuar as análises e controis que establezan os correspondentes regulamentos técnicos.

Para as especies incluídas nos regulamentos técnicos, con excepción da pataca da semente e das plantas de viveiro, a toma de mostras oficial poderá ser substituída nos lotes de semente de categoría base, certificada e, se for o caso comercial, por toma de mostras realizada baixo supervisión oficial, se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Efectuarana tomadores de mostras de sementes debidamente autorizados para tal fin polo organismo ofi-

cial responsable de certificación. Esta mostraxe realizarase de acordo cos métodos internacionais vixentes.

b) Os tomadores de mostras de sementes disporán das cualificacións técnicas necesarias, adquiridas en cursos de formación organizados nas mesmas condicións aplicables aos tomadores de mostras de sementes oficiais e confirmadas en exames oficiais.

c) Os tomadores de mostras de sementes serán:

persoas físicas independentes

empregados de persoas físicas ou xurídicas cuxas actividades non inclúan a produción, o cultivo, a transformación ou o comercio de sementes, ou

empregados de persoas físicas ou xurídicas cuxas actividades inclúan a produción, o cultivo, a transformación ou o comercio de sementes. Neste caso só poderán tomar mostras de lotes de sementes producidas por conta do seu empregador, salvo acordo en contra entre este último, o solicitante da certificación e o organismo oficial responsable da certificación.

d) Os resultados que obteñan os tomadores de mostras de sementes autorizados someteranse a un control adecuado por parte do organismo oficial responsable da certificación. Cando a mostraxe automática sexa operativa, deberánse adoptar procedementos adecuados, que se someterán a supervisión oficial.

e) Cando menos un 5% dos lotes sometidos a mostraxe por tomadores de mostras de sementes autorizados someterase a unha mostraxe de control por parte de tomadores de mostras oficiais de sementes. Esta mostraxe de control non se aplicará á mostraxe automática. As mostras tomadas oficialmente compararanse coas do mesmo lote tomadas baixo supervisión oficial.

En calquera caso, con obxecto de comprobar a calidade das sementes e das plantas de viveiro verificando que se cumpren os requisitos reflectidos nos correspondentes regulamentos técnicos específicos, durante o proceso de comercialización poderase proceder á toma de mostras por sondaxe e, neste caso, sempre de forma oficial.

Cando se tomen mostras de sementes ou de plantas de viveiro durante o proceso comercial, procederase seguindo a normativa legal establecida ao respecto, para que en todo momento se poida garantir a identidade e representatividade da mostra, e se ofrezan as suficientes garantías ás partes interesadas no procedemento. Sempre se levantará unha acta da toma de mostras, na cal se reflectirán cantos datos e circunstancias sexan necesarias para a identificación da mostra. Esta mostra dividiranse en tantos exemplares homoxéneos como sexan necesarios para realizar as análises e ensaios preceptivos, sendo o seu tamaño suficiente en función desas determinacións; debéndose axustar ás normativas regulamentarias establecidas e, no seu defecto, ás instrucións ditadas polos órganos competentes.»

3. O punto 24, substitúese polo seguinte texto:

«24. Os produtores deben verificar a calidade das sementes antes de proceder á precintaxe dos lotes, para o cal realizarán as análises previas pertinentes nos seus laboratorios. Só se poderán precintar os lotes de semente que cumpran os requisitos de calidade expostos nos correspondentes regulamentos técnicos específicos.

Con carácter xeral, para as sementes (excepto pataca da semente) de categorías de prebase e base destinadas á venda e das categorías certificadas e comerciais, a precintaxe non supón autorización de saída do almacén, o cal só se terá cando finalizasen as análises realizadas nos laboratorios oficiais e se obtivesen resultados favorables. Cando un lote non satisfaga os requisitos establecidos regulamentariamente comunicaráselle ao produtor as deficiencias observadas. Se ao realizarse nos laboratorios

oficiais as análises establecidas no correspondente regulamento técnico, se obtivesen resultados inferiores aos indicados nese regulamento, ordenarase a inmovilización do lote, procedéndose a nova toma de mostras ou análise, ou a ambas, se o produtor o solicita; se o resultado é de novo deficiente, procederase á desprecintaxe do lote. En caso de que o lote deficiente fose comercializado, incoaráselle ao produtor o correspondente expediente sancionador.

Se nun prazo de quince días, contados a partir da data da precintaxe para as determinacións distintas á xerminación, ou no de quince días posteriores á duración das análises de xerminación, segundo as normas da ISTA para determinar esa xerminación, non se lle comunicou ao produtor ningunha deficiencia, o lote de sementes poderao comercializar baixo a súa responsabilidade.

Se as análises de laboratorios deren resultados inferiores aos establecidos no correspondente regulamento técnico, deberase proceder á inmovilización do lote de sementes, ben que o produtor poderá solicitar unha segunda toma de mostras. Se o resultado da análise desta mostra for de novo deficiente, desprecintarase o lote. En caso de que o lote deficiente fose comercializado, incoarase o correspondente expediente sancionador.

Para as especies incluídas nos regulamentos técnicos, con excepción da pataca da semente e das plantas de viveiro, as determinacións para comprobar que as sementes de categoría base, certificada e, se é o caso, comercial, cumpren os requisitos exixidos polos correspondentes regulamentos técnicos, poderanse realizar baixo supervisión oficial se se cumpren as seguintes condicións:

a) As análises serán levadas a cabo por laboratorios debidamente autorizados para tal fin polo organismo oficial responsable.

b) Contarán cun analista directamente responsable das operacións técnicas de laboratorio que dispoña das cualificacións necesarias para levar a xestión técnica dun laboratorio de probas sobre sementes.

c) Os seus analistas de sementes contarán coas cualificacións técnicas necesarias, adquiridas en cursos de formación organizados nas mesmas condicións aplicables aos analistas oficiais e confirmadas en exames oficiais.

d) As instalacións e os equipamentos de que dispoñan os laboratorios deberán ter sido considerados como satisfactorios polo organismo oficial responsable.

e) Levarán a cabo as probas sobre sementes de acordo cos métodos internacionais actualmente vixentes.

f) Deberán ser independentes ou pertencentes a unha empresa de sementes.

Neste último caso, soamente poderán levar a cabo os ensaios sobre lotes de sementes producidas por conta desa empresa, salvo acordo en contrario entre esta, o solicitante da certificación e o organismo oficial responsable.

g) Os resultados obtidos someteranse a un control por parte do organismo oficial responsable.

h) Ao menos un 5% dos lotes analizados en laboratorios autorizados someterase a unha análise oficial de control.

Para as plantas de reprodución asexual, os correspondentes regulamentos técnicos indicarán as análises cuxos resultados deban ser presentados polos produtores.

As operacións de precintaxe e toma de mostras de sementes ou plantas de viveiro reflectiranse nunha acta segundo modelo oficial, que asinarán a entidade e o tomador de mostras, facéndose constar as circunstancias en que se realizaron tales operacións.

A precintaxe de sementes e plantas de viveiro terá un período de validez máximo de dez meses, salvo que,

excepcionalmente, se indique o contrario no correspondente regulamento técnico.»

4. Na alínea 26.c) suprímense da primeira frase as palabras: «como semente certificada».

5. Ao final do punto 44 engádesse o seguinte parágrafo:

«No caso de inspeccións de campo, toma de mostras e análise de laboratorio realizados baixo supervisión oficial, sancionaranse as infraccións de acordo co disposto na normativa vixente. En todo caso, o incumprimento das citadas normas, deliberadamente ou por negligencia, por parte do inspector, tomador de mostras ou laboratorio oficialmente autorizado, poderá dar lugar á retirada da autorización outorgada. O organismo oficial responsable anulará a certificación das sementes examinadas, salvo en caso de que se poida demostrar que as sementes cumpren os requisitos pertinentes.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149, 1, 13.^a da Constitución, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de novembro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19154 REAL DECRETO 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal. («BOE» 279, do 22-11-2005.)

A Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, supuxo a revisión do marco legal existente no noso país na materia ata ese momento, constituído pola Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

Unha das principais características da Lei 50/2002, do 26 de decembro, é que nela se aborda a regulación substantiva e procedimental das fundacións, pero non o seu réxime tributario, o cal se encontra regulado pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que foi desenvolvida regulamentariamente polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro.

Por outra parte, e aínda cando a Lei 50/2002, do 26 de decembro, introduciu importantes modificacións sobre diversos aspectos da vida fundacional, tamén é certo que conservou un importante número de preceptos da Lei 30/1994, do 24 de novembro.

Resulta agora necesario abordar o desenvolvemento regulamentario da indicada lei, para facilitar a súa aplicación en prol dunha maior garantía da eficacia na xestión das fundacións, e a salvo, por razóns de especialidade da materia, de canto se refire ao rexistro de fundacións de competencia estatal, que será obxecto dunha regulación específica.